



MUSEO  
DE BELAS ARTES  
DA CORUÑA



XXV CICLO  
MÚSICA PARA UNHA ÉPOCA  
2026

# XXV CICLO MÚSICA PARA UNHA ÉPOCA 2026

Organiza: Museo de Belas Artes da Coruña Sede: Salón de actos Horario: 12.00 h Entrada libre

**Domingo, 7 de xuño**  
12.00 h

Concerto:

**Dúo Fasla-Prolat**  
violín e violoncello

Visita guiada:

Arte galega do século XX

**Domingo, 14 de xuño**  
12.00 h

Concerto:

**Dúo Josephine**  
Alejandra Díaz violoncello  
Julio Mourenza piano

Visita guiada:

Os gravados de Goya

**Domingo, 21 de xuño**  
12.00 h

Concerto:

**Domenico Codispoti**  
piano

Visita guiada:

O Romanticismo  
na pintura

PROGRAMA  
*ÍNTIMA*

**Oito pezas op. 39**

*Prelude · Gavotte ·  
Berceuse · Canzonetta  
Intermezzo · Impromptu  
· Scherzo · Étude*

**Reinhold Glière**  
(1875 -1956)

**Dous Haykus**

**Josep María Guix**  
(1967)

**Dúo n. 1 H. 157**

*Preludium:  
Andante moderato  
Rondo:*

*Allegro con brio*  
**Bohuslav Martinu**  
(1890 - 1959)

**Lamento**

**Valse Bavaoise**

**Jörg Widmann**  
(1973)

**Íntima**

**Jurgis Juozapaitis**  
(1942)

**Castelo interior**

**Peteris Vasks**  
(1956)

Formado polos irmáns xemelgos Sofía e Kiril, o **DÚO FASLA-PROLAT** tivo oportunidade de tocar no Auditorio Nacional de Madrid cando apenas contaban 14 anos. Realizaron recitais en ciclos e festivais como a Fundación Juan March, Fundación Vitoria Vital, British Isles Music Festival de Ardingli, Fundación Eutherpe de León, Holland Music Sessions de Bergen, Aeterna Musica, Schloss Kirchberg an der Jagst, Fundación Oliveiral de Castillejo, Sociedade Ecolómica de Jaén, Luns Musicais de Ciudad Real, Mosteiro Santa Ana de Ávila, Swiss Foundation for Young Musicians de Basilea, Sociedade Filarmónica de Segovia, Mimiko, Elisabethenkirche de Basilea, Proxecto Musical Villa de Lerma, Festival Internacional de Música de Ayllón, Sociedade Filarmónica de Burgos, Academia Canaria de Bellas Artes, Sociedade Filarmónica de Aranda e Ciclos de Música e Patrimonio, entre outros | Seleccionados en dúas ocasións por MusaE para realizar unha serie de concertos en museos estatais españois cun programa monográfico Scarlatti, proxecto de transcripcións propias para violín e violoncello de sonatas do devandito compositor | Igualmente participaron no Centenario do Museo Sorolla | As súas inquietudes e proxección leváronlles a formar parte de diferentes agrupacións como a Haydn Philharmonie con Enrico Onofri, Spira Mirabilis con Lorenza Borrani, Bruckner Orchester Linz, Collegium Musicum Basel, outras dirixidas por Giovanni Antonini ou en diferentes formacións camerísticas con Anna Gebert e Adelina Oprean. Son tamén membros do Jouska String Quartet, grupo premiado co Café Bauhaus Award 2024 outorgado pola Comisión Europea a través da EUYO e tamén Primeiro Premio no Concurso Internacional de Música de Cámara Mirabent Magrans de Sitges | Premiados así mesmo nos concursos de Vigo, Alcañiz e París, foron ademais bolseiros pola Fondation Thorens, DOMS Stiftung Basel, AIE, Fundación Yehudi Menuhin e Comunidad de Madrid. Actualmente guiados por Anna Gebert, a súa formación académica foi completada na Hochschule für Musik Freiburg, Musik Akademie Basel e Universität Anton Bruckner Linz, con profesores como Muriel Cantoreggi, Meesun Hong Coleman, Rafael Rosenfeld, Petr Skalka, Rainer Schmidt, e recibindo influencias de Suzana Stefanovic, Anton Kernjak, Iván Monighetti, Beira Martínez-Mehner, Martin Beaver, Enrico Onofri e Clive Brown |



Antonio LAGO RIVERA  
*Parque Zoológico*  
1950



MUSEO  
DE BELAS ARTES  
DA CORUÑA



XXV CICLO  
MÚSICA PARA UNHA ÉPOCA  
2026

# XXV CICLO MÚSICA PARA UNHA ÉPOCA 2026

Organiza: Museo de Belas Artes da Coruña Sede: Salón de actos Horario: 12.00 h Entrada libre

Domingo, 7 de xuño  
12.00 h

Concerto:

Dúo Fasla-Prolat  
violín e violoncello

Visita guiada:  
Arte galega do século XX

Domingo, 14 de xuño  
12.00 h

Concerto:

Dúo Josephine

Alejandra Díaz violoncello  
Julio Mourenza piano

Visita guiada:  
Os gravados de Goya

Domingo, 21 de xuño  
12.00 h

Concerto:

Domenico Codispoti  
piano

Visita guiada:  
O Romanticismo  
na pintura

## PROGRAMA

### Sonata para violoncello e piano n.º 1 en fa maior, Op. 5

I. *Adagio sostenuto - Allegro*  
II. *Rondo. Allegro Vivace*  
Ludwig van Beethoven  
(1770-1827)

### 7 Variacións sobre 'Bei Männern, welche Liebe fühlen', WoO 46 Ludwig van Beethoven (1770-1827)

### Sonata para violoncello e piano n.º 3 en la maior, Op. 69

I. *Allegro, ma non tanto*  
II. *Scherzo. Allegro molto*  
III. *Adagio cantabile, Allegro vivace*  
Ludwig van Beethoven  
(1770-1827)



Antonio LAGO RIVERA  
Parque Zoológico  
1950

O **DÚO JOSEPHINE**, creado na primavera do 2026, leva o nome da Amada Inmortal de Beethoven, pianista, compositora e considerada a muller máis importante da vida do xenio de Bonn.

**ALEJANDRA DÍAZ** foi galardoada coa Carnegie Palmer Award e finalista do Premio Internacional Pablo Casals no 2012 | Tras ser seleccionada para o LSO String Experience Scheme no 2013, converteuse na primeira cellista española da historia en actuar xunto a Orquestra Sinfónica de Londres | No 2022 obtivo o posto de violoncellista principal asociada da Ópera de Tel Aviv | No 2023 lanzou o seu primeiro proxecto discográfico BERCE, semifinalista dos Premios MIN 2024 | Completou o Máster en Interpretación e o Grao en Música no 2011 e 2014 respectivamente pola City University of London e a Guildhall School of Music & Drama | Foi dirixida por aclamados directores de orquestra como D. Harding, J. Gaffigan, D. Alham, V. Gergiev, Sir Colin Davis, J. Mena, L. Segerstam, A. Ros Marbá ou Ch. König | Actuou en prestixiosas salas de concertos como o Wigmore Hall, Barbican Hall, Auditorio Nacional de Madrid, Palau da Música Catalana, Palacio de Festivais de Cantabria, Auditorio-Palacio de Congresos Príncipe Felipe de Oviedo, Palacio da Ópera da Coruña, Emirates Palace Auditorium ou o Tel Aviv Performing Arts Centre | Foi convidada a festivais como o Abu Dabhi Classics Music Festival, Euro Classical Online Festival, Brandenburg Spring Choral Festival, Bohemian Dreams Festival, Festival Cine Europa, Pierre Boulez 90th Birthday Festival e Festival Internacional de Música de Cámara Joaquín Turina | Na actualidade compaxina a súa actividade concertística coa docencia no CSM da Coruña | É convidada a impartir clases maxistras en conservatorios superiores de España, Italia e Portugal. Alejandra é artista embaixadora de ThomasEk-Infled e Gewa strings. Desde o 2024 é autora da prestixiosa editorial Universal Edition |

**JULIO MOURENZA** finiciou os seus estudos de piano coa profesora Natalia Lamas, no CSM da Coruña, ampliando a súa formación na Musik Akademie der Stadt Basel de Suíza, tras estudar cos profesores Laszlo Gyimesi, Gerard Wyss, Albert Gusmann e Rolf Möser. Na mesma etapa, colaborou e actuou coa cellista Sol Gabesa. Posteriormente, ingresou na Academia Franz Liszt de Budapest, onde realizou estudos de Posgrao co profesor Kornel Zemleni durante no 1996. Continuou a súa formación nos Cursos da aula de Música da Universidade de Alcalá de Henares, cos prestixiosos pianistas Ferenc Rados, Charles Rosen e Paul Badura-Skoda. En 2004 realizou o I Master en Interpretación Pianística organizado pola Universidade da Coruña, impartido polo profesor Albert Asenelle | Como concertista actuou en prestixiosas salas galegas como o Palacio da Ópera e Teatro Colón da Coruña, Auditorio de Galicia en Santiago de Compostela, a Fundación Pedro Barrié de la Maza ou a Fundación Caixa Galicia na Coruña, así como noutras cidades de España, Suíza, Holanda e Hungría | Como solista cabe destacar a súa colaboración coa RFG baixo a dirección de M. Zumalave, orquestra coa que tamén interpretou as Cancións Xacobeas de A. García Abril, xunto a cantante Teresa Berganza, no Auditorio Nacional de Música de Madrid | Realizou outras colaboracións e estreas con membros da OSG baixo a dirección de José Luis Temes, e coa Orquestra de Cámara Galega baixo a dirección de Rogelio Groba Otero. Actuou como solista coa Banda Municipal de Música da Coruña. Estreou obras de autores contemporáneos como J. Durán, F. Buide, E. Soutullo, I. Stölzel ou M. Viso, entre outros | Foi convidado por diversas institucións a ofrecer conferencias ao redor da música e outras artes. Na actualidade é catedrático de Piano do CSM da Coruña. É convidado regularmente a impartir concertos e cursos de interpretación pianística en diversos centros nacionais e estranxeiros de Verona, Praga e Maastricht |



MUSEO  
DE BELAS ARTES  
DA CORUÑA



XXV CICLO  
MÚSICA PARA UNHA ÉPOCA  
2026

# XXV CICLO MÚSICA PARA UNHA ÉPOCA 2026

Organiza: Museo de Belas Artes da Coruña Sede: Salón de actos Horario: 12.00 h Entrada libre

Domingo, 7 de xuño  
12.00 h

Concerto:

Dúo Fasla-Prolat  
violín e violoncello

Visita guiada:  
Arte galega do século XX

Domingo, 14 de xuño  
12.00 h

Concerto:

Dúo Josephine  
Alejandra Díaz violoncello  
Julio Mourenza piano

Visita guiada:  
Os gravados de Goya

Domingo, 21 de xuño  
12.00 h

Concerto:

Domenico Codispot  
piano

Visita guiada:  
O Romanticismo na pintura

## PROGRAMA

### 6 Moments Musicaux D780 (1828)

F. Schubert  
(1797-1828)

### Sonata op.53 en Do maior "Waldstein" (1805)

L. van Beethoven  
(1770-1827)

O pianista italiano **DOMENICO CODISPOTI** pertence a esa tradición de intérpretes para quen o virtuosismo non é un fin, senón unha linguaxe: un medio para revelar a arquitectura, a cor e a dimensión poética da música | A súa interpretación distínguese pola amplitude da súa sonoridade, a claridade do seu pensamento musical e unha imaxinación expresiva que transforma cada obra nun relato vivo | A crítica recoñeceu na súa arte unha rara combinación de intensidade e refinamento | En Gramophone, Bryce Morrison sinalou na súa interpretación "unha calidez e un fervor que evocan a Alfred Cortot, xunto a unha sonoridade coa plenitude e riqueza de Claudio Arrau" | Outros comentaristas destacaron a súa capacidade para construír interpretacións de gran talento narrativo, nas que a liberdade expresiva convive cun profundo respecto pola arquitectura da obra | O recoñecemento internacional chegou cedo cando o lendario pianista György Sándor outorgoulle o Primeiro Premio do Concurso Internacional Pilar Bayona de Zaragoza, eloxiando o seu extraordinario dominio técnico e a súa notable madurez musical | Desde entón, Codispoti desenvolveu unha traxectoria que o levou a actuar en Europa, América e Asia, consolidándose como unha das voces máis destacadas do pianismo italiano da súa xeración | Como solista colaborou con orquestras como a English Chamber Orchestra, Luzerner Sinfonieorchester, London Chamber Orchestra, Orquestra Sinfónica da Radio de Varsovia, Orchestra Filarmonica Italiana, Orquestra Sinfónica Nacional de Islandia, Filarmónica de Brno e Orquestra Sinfónica de Galicia, traballando con directores como K. Karabits, R. Gamba, Ch. Warren-Green, D. Ang, R. Forés, T. Koutník e A. Straszynski | A súa discografía —publicada por selos como Naxos, Brilliant Classics, Dynamic, Piano Classics, Odradek Marcas, Eudora Marcas e Cable Musical— foi recibida con entusiasmo pola crítica especializada, que destacou a riqueza da súa paleta sonora e a coherencia da súa visión interpretativa | Músico de cámara por vocación, compartiu escenario con artistas como A. Gerhardt, S. Krylov e D. Grimal, explorando o repertorio cunha sensibilidade dialogante e unha escoita profundamente musical. Nado en Italia en 1975, iniciou a súa formación con B. Mezzena antes de continuar os seus estudos nos Estados Unidos con J. Achúcarro en Southern Methodist University, onde obtivo o Artist Diploma | Actualmente combina a súa actividade concertística internacional coa docencia no Conservatorio Guido Cantelli, mentres reside en Valencia |



Antonio LAGO RIVERA  
Parque Zoológico  
1950